

# **INSTRUCCIÓN FONDOLIBROS 2026/2027**

## **ATA O 19 DE XUÑO DE 2026**

- Cubrirase SÓ UN IMPRESO por familia e Centro.
- **DESTINATARIOS:** Alumnado que vai facer un curso da ESO durante o ano académico 2026/2027.
- O alumnado que repita 4º ESO e o que non obteña praza na FP Básica no curso académico 2026/2027, debe solicitala no mes seguinte ó da formalización da súa matrícula na ESO.
- **INFORMACIÓN DETALLADA E IMPRESOS NA PÁXINA WEB DE EDUCACIÓN:**  
<https://www.edu.xunta.es/fondolibros/>

O SOLICITANTE ten que ser un dos proxenitores ou titores do alumno/a.

**O solicitante deberá asinar a solicitude dando autorización para a consulta dos datos necesarios para a súa comprobación.**

**ANEXO II - Os demais membros da unidade familiar (cónxuxe ou análogo e os fillos) deberán asinar o anexo II. Son dúas sinaturas:**

- 1. Para autorizar a consulta do DNI e, de ser o caso, a discapacidade.**
- 2. Para autorizar a consulta da Renda.**

### DOCUMENTACIÓN

Deben marcar a documentación que acompaña á solicitude.

A DOCUMENTACIÓN que deben entregar é a seguinte:

- Anexo I (Solicitude) debidamente cuberta e asinada.
- Anexo II (hai 2 Autorizacións); cuberto e asinado por tódolos membros da unidade familiar, agás o Solicitante.
- Fotocopia COMPLETA do libro de familia.
- Calquera outra segundo as circunstancias de cada familia.

Terán a consideración de membros computables da unidade familiar:

- a) Os pais non separados legalmente nin divorciados ou os titores do alumnado.
- b) Os fillos, segundo o disposto no impreso de solicitude.
- c) Os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida forman unha unidade familiar cos fillos que teñen en común.
- d) A persoa que, por novo matrimonio, en situación de unión de feito ou análoga con convivencia, resida no domicilio familiar coa persoa proxenitora do alumnado, agás nos casos de custodia compartida.
- e) Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar estará constituída polo pai, a nai e os descendentes que convivan con eles e reúnan os requisitos anteriores, agás nos casos de custodia compartida.

Non terá a consideración de membro computable:

- a) A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.
- b) O agresor nos casos de violencia de xénero.

En todo caso, terase en conta a situación persoal e a composición da unidade familiar referida á data de fin do prazo para presentar solicitudes, excepto os datos económicos que serán os do exercicio fiscal de 2024.